



AGENCIA NACIONAL DE EVALUACIÓN  
DE LA CALIDAD Y ACREDITACIÓN



# **DOCENTIA**

**(Programa de apoio para a avaliación  
da actividade docente  
do profesorado universitario)**

## **Modelo de avaliación**

## ÍNDICE

ÍNDICE.....	1
1. Presentación .....	2
2. Marco de referencia do programa.....	4
3. Obxectivos do programa. ....	7
4. Enfoque para a avaliación da actividade docente.....	9
5. Modelo de avaliación da actividade docente.....	11
6. Fontes e procedementos de avaliación da actividade docente. ....	15
7. Desenvolvemento do programa. ....	23

# 1. Presentación

A educación superior europea apostou decididamente por mellorar a calidade dos seus programas e títulos. Os comunicados realizados polos ministros europeos signatarios de Boloña orientáronse na dirección de asegurar e demostrar a calidade da oferta educativa ante unha demanda de educación superior en rápido crecemento, internacionalizada e que reclama cada vez maiores investimentos.

As universidades teñen a responsabilidade fundamental sobre a calidade dos seus estudos e representan o factor máis relevante na configuración dun verdadeiro espazo europeo de educación superior. Nun contexto de educación superior onde as universidades europeas asumen a responsabilidade de ofrecer un ensino de calidade, a cualificación e a competencia do profesorado universitario é un dos elementos que ofrecen máis confianza sobre a capacidade das universidades para cumprir o seu compromiso ante a sociedade.

No contexto actual, as universidades asumen cada vez máis unha maior responsabilidade nos procedementos de contratación e nomeamento do seu profesorado e, en consecuencia, deben desenvolver procedementos para a valoración do seu desempeño, así como para a súa formación e estímulo, e así garantir a súa cualificación e competencia docente. A avaliación da actividade docente resulta especialmente relevante para as universidades na medida en que a garantía de calidade dos seus estudos pasa por asegurar non só a cualificación do seu persoal de profesores senón, especialmente, a calidade da docencia que nela se imparte.

Ademais, o marco legal vixente asociou a avaliación da actividade docente á posibilidade de que o Goberno ou as comunidades autónomas establezan retribucións adicionais ao profesorado universitario. Este incentivo docente podería ter efectos positivos de cara a incrementar a consideración da actividade docente.

A resposta que se deu en moitos casos á devandita posibilidade limitou a avaliación da actividade docente á valoración do encargo de docente. Para ofrecer garantías sobre a calidade da docencia que se imparte nas universidades sería necesario ampliar o devandito enfoque considerando o modo en que o profesorado planifica, desenvolve e mellora o ensino e o que os estudantes aprenden.

O enfoque proposto cabe enténdelo como a resposta a unha situación en que a docencia, a investigación e a xestión se valoran como dimensións diferentes da actividade do profesorado. Non obstante, no futuro debería favorecerse que o devandito programa fose complementario ao desenvolvido para a avaliación da investigación e da xestión que realizan os profesores até conformar un modelo comprensivo e global do seu desempeño na universidade.

Co Programa de apoio á avaliación da actividade docente (DOCENTIA), ANECA pretende satisfacer as demandas das universidades e a necesidade do sistema educativo de dispoñer dun modelo e duns procedementos para garantir a calidade do profesorado universitario e para favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

Este programa deseñouse de modo que, dentro da autonomía das universidades, oriente a actuación destas ao tempo que potencie o papel cada vez máis relevante que as universidades han de xogar na avaliación da actividade docente e no desenvolvemento de planos de formación do seu profesorado.

O programa toma en consideración o compromiso de ANECA de participar e apoiar os distintos marcos de colaboración técnica coas universidades, as axencias autonómicas e as administracións educativas das comunidades autónomas. Neste sentido, o programa pretende ser un marco aberto á participación destas institucións.

## 2. Marco de referencia do programa

O Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario enmárcase no conxunto de actuacións destinadas a construír un escenario que favoreza os principios de calidade, mobilidade, diversidade e competitividade entre as universidades europeas, para crear un **espazo europeo de educación superior**.

Con relación **ao principio de calidade**, un dos piares do espazo europeo de educación superior, despregáronse diferentes iniciativas para favorecer o seu desenvolvemento. Un das máis loables tomou a forma dun conxunto de *criterios e directrices para a garantía da calidade no espazo europeo de educación superior* promovidos pola European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA).

Entre os devanditos criterios e directrices recóllese o criterio da **garantía de calidade do persoal docente** que establece que as institucións deben dispoñer de medios para garantir que o profesorado está cualificado e é competente para ese traballo. Igualmente nas directrices que acompañan o devandito criterio establécese que:

As institucións deben asegurarse de que os procedementos de contratación e nomeamento do seu persoal docente inclúen os medios para verificar que todo o persoal novo dispón, polo menos, dun nivel mínimo de competencia. Deben darse oportunidades ao persoal docente para que desenvolva e amplíe a súa capacidade de ensino e estimúlalos para que saquen partido das súas habilidades. As institucións deben proporcionar oportunidades aos profesores de baixo rendemento para melloraren as súas habilidades de forma que alcancen un nivel aceptable. Deben, así mesmo, dispoñer dos medios que permitan dalos de baixa das súas funcións docentes se se demostra que continúan sendo ineficaces.

Por iso, a avaliación do profesorado de nova contratación así como da actividade docente que desenvolve o profesorado que xa está en exercicio revélase como unha das claves para coñecer tanto o nivel competencial do persoal docente como para adoptar decisións con relación ao seu desenvolvemento profesional.

Por outra banda, o Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario desenvólvese conforme ao establecido no documento *Crterios e directrices para a **acreditación de ensinos universitarios conducentes a títulos oficiais españois de grao e máster***, elaborado por ANECA<sup>1</sup>. O devandito documento establece a necesidade de que o deseño e o desenvolvemento dun título oficial se realice baixo un sistema de garantía da calidade.

O **sistema de garantía de calidade** proposto esixe dos responsables académicos dun plano de estudos que tomen en consideración o acceso e a orientación dos estudantes, os obxectivos, a estrutura e o desenvolvemento do plano de estudos, a calidade dos recursos humanos e materiais, así como os resultados obtidos. En consecuencia, a avaliación da actividade docente enténdese neste programa como parte dun sistema, desenvolvido por unha institución, para garantir a calidade dos planos de estudo que imparte (véxase a figura 1).

A avaliación da actividade docente do profesorado tamén debe estar aliñada co **marco estratéxico definido pola universidade** en que se imparte o plano de estudos que, en definitiva, establece a **política de profesorado**.

A política de profesorado dunha universidade comprende non só unha toma de posición sobre a avaliación da actividade docente senón tamén sobre outros aspectos tales como a **formación, a promoción ou os incentivos económicos**<sup>2</sup>.

Igualmente, o programa de apoio á actividade docente do profesorado universitario responde aos requirimentos da lexislación vixente sobre a

---

<sup>1</sup> ANECA (2006). *Crterios e directrices para a acreditación de ensinanzas universitarias conducentes a títulos oficiais españois de grao e máster*, [www.aneca.es](http://www.aneca.es)

<sup>2</sup> Tamén sería necesario considerar elementos como a selección ou a seguridade e hixiene que, se ben son parte dunha política de recursos humanos, escapan ao obxectivo deste documento.

**obligatoriedade dunha avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario<sup>3</sup>.**




Figura 1: a avaliación do profesorado no marco dun sistema de garantía da calidade

Finalmente, para garantir o **rigor da avaliación e a súa adecuación aos obxectivos previstos**, no deseño do programa tivéronse en conta os estándares establecidos polas organizacións internacionalmente recoñecidas sobre a avaliación do persoal. Referímonos a *The Personnel Evaluation Standards*, elaborados polo *The Joint Commite of Estándares for Educational Evaluation*, como referencia para deseñar, desenvolver e valorar as avaliacións do persoal. Os estándares, ditados polo devandito comité, orientan sobre a propiedade, a utilidade, a viabilidade e a precisión que debe acompañar a todo proceso de avaliación do persoal<sup>4</sup>.

<sup>3</sup> Lei orgánica 6/2001 de universidades (LOU) do 21 de decembro, artigo 31.3. A devandita norma responsabilizou a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) e aos órganos de avaliación que a Lei das comunidades autónomas determinase, para levar a cabo estas avaliacións. Por outra banda, esta lei, no seu artigo 40.3, indica que os estatutos das universidades disporán de procedementos para a avaliación periódica do rendemento docente e científico do profesorado.

<sup>4</sup> O Joint Committee está formado por representantes de, entre outras, as seguintes asociacións e sociedades: Association of Supervision and Curriculum Development (ASCD), American Indian Higher Education Consortium (AIHEC), American Psychological Association

### 3. Obxectivos do programa

O Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario pódese perfilar a través da definición da súa misión, visión e obxectivos.

#### **Misión:**

Facilitar e apoiar a avaliación da actividade docente do profesorado no sistema universitario.

#### **Visión:**

Dispoñer dun modelo validado de avaliación da actividade docente do profesorado que sexa apropiado, útil, viable e preciso.

#### **Obxectivos do programa:**

O Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario pretende dar resposta aos seguintes obxectivos:

- Proporcionar un marco de referencia, un modelo e uns procedementos que permitan analizar a avaliación da actividade docente que se desenvolve nas universidades, situando a devandita avaliación no marco das prácticas ao uso internacionalmente recoñecidas, así como aliñando a avaliación da actividade docente cos criterios de garantía de calidade das titulacións universitarias.
- Favorecer o desenvolvemento do profesorado, a súa promoción persoal e profesional, de modo que poida ofrecer un mellor servizo á sociedade, e apoiar individualmente o profesorado proporcionándolle evidencias contrastadas sobre a súa actividade docente.

---

(APA), Canadian Evaluation Society (CES), Consortium for Research on Educational Accountability and Teacher Evaluation (CREAtE), National Education Association (NEA), American Educational Research Association (AERA) American Evaluation Association (AEA), National Council on Measurement and Evaluation (NCME).



- Favorecer o proceso de toma de decisións relacionadas coa avaliación, que afectan a diferentes elementos na política e xestión dos recursos humanos.
- Contribuír ao necesario cambio cultural nas universidades, que supón a avaliación da actividade docente e a potenciación do intercambio de experiencias entre as universidades para a mellora continua da actividade docente.
- Ser unha ferramenta para favorecer a cultura da calidade aliñando a actividade docente do profesorado cos obxectivos da institución.

## 4. Enfoque para a avaliación da actividade docente

Cómpre definir a **actividade docente** como o *conxunto de actuacións, que se realizan dentro e fóra da aula, destinadas a favorecer a aprendizaxe dos estudantes con relación aos obxectivos e competencias definidas nun plano de estudos e nun contexto institucional determinado*. En consecuencia, a actividade docente implica a coordinación e a xestión do ensino *a clase baleira*, o despregamento de métodos de ensino, actividades de aprendizaxe e de avaliación *a clase chea*, así como a posterior revisión e mellora das actuacións realizadas.

Neste programa enténdese por **avaliación da actividade docente** a *valoración sistemática da actuación do profesorado considerando o seu rol profesional e a súa contribución para conseguir os obxectivos da titulación en que está implicado, en función do contexto institucional en que esta se desenvolve*.

Por outra banda, a actividade docente do profesorado implica diferentes actuacións dirixidas a organizar, coordinar, planificar e ensinar os estudantes, así como a avaliar a aprendizaxe. As devanditas actuacións despréganse en resposta aos obxectivos formativos e ás competencias que se pretenden favorecer no estudantado (véxase a figura 2).

A avaliación da actividade docente debería entenderse como unha **avaliación interna**, que a universidade realiza do seu profesorado para garantir o cumprimento dos obxectivos dos ensinos que imparte. O desenvolvemento desta avaliación non é óbice para que **participen axentes externos**, cando se requira por algunha instancia externa ou pola propia universidade.



Fig. 2: plano de estudios e actividade docente

Os resultados da actividade docente<sup>5</sup> tradúcense en termos dos avances logrados na aprendizaxe dos estudantes e na valoración expresada en forma de percepción ou opinións do estudiantado, dos egresados, dos responsables académicos e do propio profesorado.

As innovacións no ensino susténtanse sobre a formación e a reflexión que realizan os profesores e as profesoras como resultado da súa actividade docente.

Finalmente, os resultados da actividade docente son tamén o fundamento da revisión e mellora dos planos de estudos. De modo que, desde os devanditos resultados, se inicia un novo ciclo de formación.

<sup>5</sup> A actividade docente, aínda que é un factor esencial no progreso no desempeño do estudante, non é o único que pode explicalo. A formación previa e o traballo do estudante, os recursos educativos, a propia configuración do plano de estudos, os niveis de esixencia establecidos ou a propia cultura de aprendizaxe e mellora desenvolvida na universidade son outros factores que hai que ter en conta.

## 5. Modelo de avaliación da actividade docente

A praxe da avaliación da actividade docente non é unha novidade nas nosas universidades. Desde principios dos oitenta esta avaliación vén desenvolvéndose baixo diferentes formas e en resposta a distintas finalidades.

As actuacións emprendidas polas universidades responderon, en xeral, a un perfil caracterizado pola ausencia dun modelo global de avaliación do profesor e pola súa escasa ou nula vinculación tanto coas accións formativas posteriores desenvolvidas polas universidades como co recoñecemento explícito do ben facer do profesorado

Por outra banda, a repercusión das avaliacións individuais da actividade docente tamén foi escasa ou nula nos concursos de promoción do profesorado e na valoración da súa produtividade en forma de retribucións adicionais.

Malia a promulgación da Lei orgánica 6/2001, en que se explicita con máis detalle a obrigatoriedade dunha avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado, as actuacións desenvolvidas polos diferentes axentes avaliadores, polo que respecta á actividade docente, tiveron en xeral un tratamento asimétrico e parcial.

Neste contexto, a proposta de ANECA é a dun modelo comprensivo que permita ás universidades desenvolver propostas de avaliación orientadas a distintas finalidades. Así, o Programa de apoio á avaliación da actividade docente do profesorado universitario toma como base un modelo que considera as actuacións que realiza o profesorado fóra e dentro da aula, os resultados que delas se derivan, así como a súa posterior revisión e mellora en termos de formación e innovación docentes.

O modelo en que se fundamenta este programa considera tres **dimensiones** como obxecto de avaliación da actividade docente: a planificación da docencia, o desenvolvemento do ensino e os resultados. Estas tres dimensións teñen como transversalidade a dedicación docente que actuaría como unha dimensión cero ou condición previa, de modo que se o profesorado non desenvolve as actuacións que a describen non procedería determinar a súa calidade.



Figura 3: dimensións de avaliación da actividade docente.

As dimensións consideradas desagreganse nos seguintes elementos:

## I. PLANIFICACIÓN DA DOCENCIA

Organización e coordinación docentes:

- modalidades de organización do ensino (clases prácticas, prácticas externas, seminarios, clases teóricas, titorías etc.)

- coordinación con outras actuacións docentes, no ámbito dunha titulación e de acordo coa política do centro e os departamentos
- planificación do ensino e da aprendizaxe con relación ás materias ou ás disciplinas impartidas
- resultados de aprendizaxe previstos
- actividades de aprendizaxe previstas
- criterios e métodos de avaliación
- materiais e recursos para a docencia.

## II. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

Desenvolvemento do ensino e avaliación da aprendizaxe:

- actividades de ensino e aprendizaxe realizadas
- procedementos de avaliación aplicados.

## III. RESULTADOS

- resultados en termos de obxectivos formativos logrados polo estudiantado
- revisión e mellora da actividade docente: formación e innovación.

Os **criterios** de avaliación da actividade docente, aliñados coas dimensións anteriores, son os seguintes:

*Adecuación:* a actividade docente debe responder aos requirimentos establecidos pola universidade e polo centro con relación á organización, á planificación, ao desenvolvemento do ensino e á avaliación da aprendizaxe dos estudantes. Os devanditos requirimentos deben estar aliñados cos obxectivos formativos e coas competencias recollidas no plano de estudos e cos obxectivos da institución.

*Satisfacción:* a actividade docente debe xerar unha opinión favorable dos demais axentes implicados no ensino, en especial do estudiantado, dos/das colegas e dos responsables académicos.

*Eficiencia:* a actividade docente, considerando os recursos que se poñen a disposición do profesor, debe propiciar o desenvolvemento nos estudantes das competencias previstas nun plano de estudos; en definitiva, o logro dos resultados previstos.

*Orientación á innovación docente:* a actividade docente debe afrontarse desde unha reflexión sobre a propia práctica que favoreza a aprendizaxe do profesorado, a través da autoformación ou a formación regulada por outras instancias, e debe desenvolverse desde unha predisposición a introducir mudanzas que afectan ao modo en que se planifica e se desenvolve o ensino ou se avalían os seus resultados.

## 6. Fontes e procedementos de avaliación da actividade docente

ANECA, como addenda a este modelo de avaliación, desenvolverá un procedemento e un conxunto de ferramentas e instrumentos para facilitar a recollida de información sobre a que fundamentar a valoración.

As universidades que participen neste programa poderán seleccionar aquelas fontes e métodos de recollida de información que estimen máis axeitadas aos obxectivos e ás implicacións da avaliación e que resulten acordos cos procedementos establecidos para a avaliación da actividade docente do profesorado.

A **elección dunhas determinadas fontes e procedementos de recollida de información** está condicionada ao cumprimento de determinados requisitos que aseguren a calidade da información que debe servir de base á avaliación.

As fontes e os procedementos seleccionados deberían ter as seguintes características:

1. - Han de evitar os posibles *negos* na información recollida. Para iso, xunto cos procedementos de medida das percepcións (opinións de estudantes, egresados, autoinformes etc.) habería que aplicar outros que sirvan de contraste (rendemento dos estudantes, avaliación por colegas a través da observación, evidencias documentais etc.).

2. - Han de ser *válidos*. Para iso utilizaranse diferentes fontes de información con relación a unha mesma dimensión, de modo que ao recoller as percepcións sobre a satisfacción docente deberían terse en conta as opinións de diferentes fontes (estudantes, egresados, responsables académicos etc.).



3. - A avaliación debería apoiarse na *interacción cos avaliados*. Para iso, sería necesaria a elección de procedementos que permitisen aos profesores reflectir a súa propia visión da actividade docente. Neste sentido, a avaliación debería apoiarse en procedementos de recollida de información tales como a autoavaliación ou a entrevista a profesores.

4. - As fontes e as formas de avaliación han de ser *viabes*. A avaliación da actividade docente, dada a diversidade de técnicas e instrumentos existentes, podería apoiarse no uso de numerosas fontes e procedementos, mais esa mesma riqueza de recursos podería facer inviable a súa posta en práctica. En consecuencia, faise necesario reducir tanto as fontes como as formas de obter información sobre a que fundamentar a avaliación da actividade docente.

Considerando as características anteriores, e tendo en conta as dimensións a avaliar, podería abordarse a recollida de información a partir das tres fontes e procedementos de avaliación que se presentan na táboa seguinte.

DIMENSIÓN PARA AVALIAR	FONTES E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		
	Profesorado	Responsables académicos	Estudiantado
Planificación	Auto-informe	Informe	Enquisa
Desenvolvemento			
Resultados			

Táboa 1: dimensións, fontes e procedementos de avaliación.

Na dimensión de **planificación do ensino**, o profesor mediante un auto-informe achegaría información sobre as decisións adoptadas na planificación da docencia que ten asignada. Estas decisións e a súa racionalidade estarían relacionadas con:

*A elección de materias.* O profesor achega información sobre os motivos ou os condicionantes fundamentais da súa elección (mecanismos establecidos

para a elección, horarios, condicionantes externos á universidade, afinidade coa especialización ou investigación desenvolvida etc.).

*O programa da materia.* O profesorado achega información sobre a racionalidade da proposta docente nas materias que imparte, establecendo se os resultados previstos, contidos, metodoloxías de ensino, actividades prácticas ou criterios de avaliación propostos no programa están en función dalgunhas variables tales como a formación previa dos estudantes, os recursos didácticos dispoñibles, os estímulos á innovación docente propiciados pola universidade, as pautas establecidas polo departamento ou outro órgano.

*A coordinación docente.* O profesorado achega información clara e determinante das accións de coordinación fundamentais levadas a cabo, indicando os axentes e mecanismos implicados.

Os programas das materias que imparte o profesorado constituirán unha evidencia para realizar a valoración da planificación docente.

Os responsables académicos, a través dun informe, achegan información sobre as decisións adoptadas polo profesorado na planificación da docencia que ten asignada.

*A elección de materias.* O procedemento de elección de materias establecido no departamento e de elaboración de horarios establecido polo centro.

*O programa da materia.* O director de Departamento informa sobre a adecuación da proposta docente ás orientacións do departamento sobre a estrutura e o contido dos programas das materias, así como da entrega deste no prazo establecido.

*A coordinación docente.* O director de departamento e, no seu caso, de centro ou de titulación informan sobre a participación do profesor en

actividades de coordinación docentes (comisiones, reuniones de coordinación de materias ou grupos).

Os estudantes responden, a través dunha enquisa, a cuestións relacionadas con:

*O programa da materia.* Os estudantes opinan sobre a clareza con que están formulados os obxectivos e o conseguinte despregamento dos contidos, das actividades por realizar polos estudantes, dos criterios e das formas de avaliación, da bibliografía e doutros recursos. De igual modo, os estudantes opinan sobre a viabilidade de desenvolvemento efectivo do programa desde a perspectiva do tempo que debe inverter o estudante (crédito europeo).

*A coordinación docente.* Os estudantes opinan sobre a existencia de repeticións ou solapamentos de contidos no programa da materia, así como sobre as diferenzas manifestas nos criterios de avaliación con relación a programas doutras materias.

Na dimensión de **desenvolvemento do ensino**, o profesorado, mediante un auto-informe, debería achegar información sobre as súas actividades de ensino e as actividades de aprendizaxe que realizaron os estudantes. De igual modo, debería informar sobre os procedementos de avaliación que aplicou para valorar o traballo dos estudantes. Para iso, no auto-informe deberían recollese aspectos tales como:

*Actividades de ensino e aprendizaxe.* O profesorado achega información sobre o cumprimento do previsto no programa da materia conforme á distribución do tempo de aprendizaxe dos estudantes, en especial sobre o desenvolvemento das actividades realizadas por estes.

Ademais o profesorado presenta, se for o caso, unha selección de evidencias relacionadas coa súa actividade de apoio a profesores noveis no

ámbito das materias que imparte, de organización de seminarios, talleres, conferencias etc. para os estudantes nas devanditas materias, de titoría ou docencia a estudantes estranxeiros en programas de intercambio etc.

*Procedementos de avaliación.* O profesorado debe informar sobre o cumprimento dos criterios e procedementos de avaliación previstos, en función da súa utilidade para determinar a aprendizaxe dos estudantes, así como das incidencias ou desviacións que se produciran na aplicación dos devanditos criterios e procedementos.

Os responsables académicos deberían informar sobre diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento da docencia.

*Actividades de ensino e aprendizaxe.* Os responsables académicos que correspondan deben informar sobre as felicitacións ou valoracións meritorias sobre o desenvolvemento do ensino das que teña constancia. Así mesmo deben informar sobre as incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia tanto na aula coma na realización de actividades prácticas ou nas titorías (queixas ou reclamacións dos estudantes).

*Procedementos de avaliación.* Os responsables académicos que correspondan deben informar sobre as felicitacións ou valoracións meritorias sobre o desenvolvemento do ensino das que teña constancia. Así mesmo deben informar sobre as incidencias detectadas no desenvolvemento da avaliación da aprendizaxe dos estudantes: queixas ou reclamacións, incumprimento no período de entrega de actas etc.

Os estudantes responden, a través dunha enquisa, a cuestións relacionadas con:

*Actividades de ensino e aprendizaxe.* Os estudantes manifestan as súas opinións sobre o cumprimento do programa da materia e a realización das

actividades prácticas, de tutoría e outras previstas neste, segundo os créditos europeos de referencia. Así mesmo, opinan sobre a metodoloxía e os recursos didácticos utilizados polo profesor e o modo en que esta contribuíu a favorecer a aprendizaxe.

*Procedementos de avaliación.* Os estudantes opinan sobre o modo en que os procedementos de avaliación utilizados polo profesorado se axustan aos recollidos no programa da materia e permitiron estimar dun modo apropiado a aprendizaxe realizada polo alumno. De igual maneira, os estudantes opinan sobre a transparencia no desenvolvemento do proceso de avaliación (aplicación de criterios explícitos de corrección, obxectividade, publicidade etc.).

Na dimensión resultados, o profesorado, mediante o auto-informe, tería que achegar información sobre o logro dos obxectivos formativos polos estudantes, así como sobre a revisión e a mellora da súa actividade docente.

*Logro polos estudantes dos obxectivos formativos.* O profesorado sinala aquelas competencias -previstas no programa da materia- en que se produciu un maior progreso dos estudantes, considerando a súa situación de partida na materia.

*Revisión e mellora da actividade docente.* O profesorado analiza o desenvolvemento da súa actividade docente en función de diferentes factores como o desenvolvemento da aprendizaxe dos estudantes (carencias detectadas, dificultades de comprensión etc.), as dificultades propias do labor docente (carencia de habilidades de ensino, deficiente previsión do tempo previsto para o desenvolvemento das actividades etc.) ou os condicionamentos externos.

O profesorado tamén achega exemplos das modificacións que hai que introducir no programa da materia (contidos, metodoloxía, criterios de

avaliación etc.) como consecuencia da revisión do seu desenvolvemento e dos resultados de aprendizaxe obtidos polos estudantes. A reflexión sobre os devanditos resultados de aprendizaxe debería facer referencia a evidencias que mostrasen o que realmente progresaron os estudantes: traballos realizados, cadernos de laboratorio, deseños e proxectos, exames etc.

Así mesmo, achega evidencias relativas ás actividades de formación (pedagóxica ou relativa ás disciplinas que imparte) e innovación realizadas, vinculándoas coas necesidades de revisión e mellora detectadas.

Os responsables académicos deberían achegar os resultados da medición de indicadores básicos das materias impartidas polo profesor. Os devanditos indicadores, para unha materia dada, farían referencia entre outros posibles ao número de estudantes matriculados, o número de estudantes repetidores, a taxa de éxito da materia, a taxa de éxito da área de coñecemento de referencia, a taxa de alumnos que se presentaron á materia en primeira convocatoria e a taxa de alumnos que se presentaron á área de coñecemento en primeira convocatoria.

Os estudantes responden, a través dunha enquisa, a cuestións relacionadas cos resultados obtidos na materia. Así:

*Logro polos estudantes dos obxectivos formativos.* Os/as estudantes opinan sobre o progreso alcanzado na materia, con relación ás competencias previstas no programa e á súa situación de partida nelas. Así mesmo opinan sobre as carencias na súa formación, con relación á prevista na materia.

As universidades poden incorporar **outras fontes e procedementos de recollida de información de elaboración propia**. Así, por exemplo, na avaliación da dimensión desenvolvemento, ademais das técnicas propostas poderían utilizarse outras tales como a observación por pares, o rexistro de incidencias ou a enquisa a egresados, na dimensión resultados poderían

incorporarse outras formas de avaliación tales como indicadores de rendemento ou avaliacións externas. En calquera caso, as técnicas e os instrumentos elixidos deberán acollerse aos estándares propiedade, utilidade e de precisión xa mencionados; o procedemento establecido debería asegurar un control sistemático dos datos e que as medicións fosen fiables e válidas.

## 7. Desenvolvemento do programa

Para o desenvolvemento do Programa de apoio á avaliación da actividade docente deben terse en conta tres axentes: as universidades, as axencias autonómicas de avaliación e ANECA.

A universidade, como institución responsable da educación superior, deberá establecer as finalidades a que responde a avaliación; se entre as finalidades explicitadas está a de estimular e recoñecer a actividade docente mediante a asignación de complementos retributivos ao profesorado, no desenvolvemento do programa tamén debería recollerse a intervención da comunidade autónoma correspondente.

O desenvolvemento do Programa de apoio á avaliación da actividade docente sinala as seguintes fases no seu despregamento (véxase a figura 4).






Figura 4: fases do desenvolvimento do programa

## 7.1. PRESENTACIÓN E CONVOCATORIA

Nunha primeira etapa de desenvolvemento do programa, **ANECA presentará o modelo e o procedemento de avaliación** ás universidades, invitándoas a colaborar no seu desenvolvemento. O programa tamén será presentado ás axencias autonómicas de avaliación, con que ANECA poderá chegar a acordos de colaboración. A participación das universidades concretarase nunha convocatoria pública en que se fixarán, a partir dun convenio entre ANECA e a universidade ou entre ANECA e a Axencia de Avaliación Autonómica, as condicións de participación.

## 7.2. DISEÑO E RECOÑECIMIENTO

As universidades que participan no Programa de apoio á avaliación da actividade docente, de acordo co modelo recollido neste documento ou o deseñado pola súa correspondente axencia económica, deberá elaborar un **documento** ou **manual para a avaliación da actividade docente** do seu profesorado. O manual ou documento, se for o caso, será recoñecido pola axencia correspondente.

O manual ou documento deberá recoller, polo menos, os seguintes aspectos:

**Dimensión estratéxica da avaliación.** Deberase concretar o obxecto, o ámbito de aplicación, así como as finalidades da avaliación (formación e promoción do profesorado, complementos retributivos etc.).

**Especificacións do modelo.** Deberanse sinalar aquelas especificacións que a universidade considere oportunas para desprezar o modelo desenvolvido por ANECA, conforme ás finalidades e ás características da avaliación estratéxicamente definidas.

**Criterios de avaliación.** Deberase determinar de modo preciso os prerequisites para que a actividade docente poida ser avaliada, os estándares de adecuación ou de excelencia contra os que se realiza a avaliación, os mínimos por considerar, os méritos relevantes etc.

**Procedementos para o desenvolvemento da avaliación.** Deberanse recoller os procedementos adoptados pola universidade para levar a cabo a avaliación, con indicación dos mecanismos de transparencia e salvagarda, os axentes implicados etc. Así mesmo, o manual ou documento deberá establecer a composición dos comités de avaliación da universidade indicando se formarán parte delas expertos externos á Universidade, para solucionar os conflitos de intereses que poidan derivarse da avaliación. En tal caso, as universidades poderán solicitarlos a ANECA ou ás axencias autonómicas de avaliación.

**Fontes e formas de avaliación.** Deberanse determinar as fontes, as técnicas e as ferramentas que se van utilizar para recoller a información sobre a actividade docente.

**Toma de decisións.** Deberase determinar de modo preciso as pautas para a adopción das decisións que se deriven da avaliación segundo a súa natureza, sinalando os axentes implicados e o procedemento para adoptalas.

**Difusión dos resultados da avaliación.** Para salvagardar a confidencialidade das avaliacións individuais e singulares que se realicen, o manual ou documento deberá expresar de forma clara e determinante, de acordo coa dimensión estratéxica definida pola universidade, que resultados da avaliación se difunden, a quen e como.

O **recoñecemento dos procedementos previstos pola universidade** para desenvolver a avaliación, recollidos no manual ou documento para a avaliación da actividade docente, levará a cabo por unha **comisión de**

**avaliación** composta por cinco membros designados na forma que estableza o convenio de colaboración entre ANECA e as axencias autonómicas.

No convenio que regule a colaboración entre ANECA e unha axencia de avaliación autonómica ou entre ANECA e unha universidade deberá especificarse a composición e o nomeamento dos comités de avaliación, a formación dos avaliadores, o calendario de desenvolvemento e as obrigas económicas das partes. A devandita composición asegurará a presenza de axentes externos á universidade ou á comunidade autónoma.

### 7.3. DESENVOLVEMENTO

Nunha seguinte fase, a universidade realiza as actuacións previstas no manual para a avaliación da actividade docente. As universidades, para levar a cabo a avaliación da actividade docente, poderán contar co **apoio de ANECA ou das axencias autonómicas de avaliación** para formar os comités de avaliación ou articular a súa composición.

Nun período de dous anos, as universidades que se iniciaren no programa avaliarán a actividade docente do seu profesorado seguindo o procedemento establecido nos seus correspondentes manuais. No devandito período, que terá un carácter experimental, ANECA ou a axencia autonómica de avaliación recoñecerán os procedementos desenvolvidos polas universidades para avaliar o seu profesorado.

### 7.4. SEGUIMIENTO

ANECA e as axencias autonómicas con que se asinase un convenio, aplicarán mecanismos para o seguimento previamente deseñados. Para iso crearase unha **Comisión de Seguimento** formada por un presidente e un secretario propostos por ANECA e un representante de cada unha das axencias que estiveren implicadas.

ANECA, as axencias autonómicas e as universidades revisarán periodicamente o modelo e o procedemento marco establecidos para melloralos e, atendendo ás novas demandas e ás necesidades detectadas no ámbito da avaliación da actividade docente, introducirá as innovacións que se precisen para garantir a calidade da devandita avaliación.

## 7.5. CERTIFICACIÓN

Unha vez transcorrida a fase de experimentación, ANECA ou a axencia autonómica de avaliación certificará os resultados que se obteñan, co procedemento de avaliación aplicado na universidade, por un período de tres a cinco anos.

O devandito proceso realizarao o **Comité de Certificación** que estará formado por cinco membros designados na forma que estableza o convenio de colaboración que se citou anteriormente e en que, en todo caso, asegurará a presenza de axentes externos á universidade ou á comunidade autónoma.

## Glosario de termos:

**Comisión de Avaliación:** grupo de persoas encargadas pola ANECA ou por unha axencia de avaliación autonómica de verificar e, se for o caso, de recoñecer os procedementos previstos pola universidade para desenvolver a avaliación, recollidos no manual ou documento para a avaliación da actividade docente. A Comisión de Avaliación compóñena cinco membros designados na forma en que estableza o convenio de colaboración entre ANECA e as axencias autonómicas.

**Comité de Avaliación:** grupo de persoas que a universidade nomea para valorar a actividade docente do seu profesorado, segundo o procedemento establecido. O Comité de Avaliación pode estar integrado por axentes externos á universidade.

**Comisión de Seguimento:** grupo de persoas nomeado por ANECA e polas axencias autonómicas para realizar o seguimento do desenvolvemento do programa DOCENTIA. Está formada por un presidente e un secretario nomeado por ANECA e un representante de cada unha das axencias que participan en DOCENTIA.

**Comité de Certificación:** grupo de persoas nomeado por ANECA e polas axencias autonómicas para certificar os resultados da avaliación da actividade docente nas universidades que participan no programa DOCENTIA. A comisión de avaliación compóñena cinco membros designados na forma en que estableza o convenio de colaboración entre ANECA e as axencias autonómicas, asegurando a presenza de axentes externos.